

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE SETEMBRO DE 2023

### 1. **ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00037384J.**

Aprobación de actas das sesións anteriores.

Apróbanse as actas das xuntas de goberno ordinaria de 4 de setembro e extraordinaria de 7 de setembro.

### 2. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00019487X.**

Subsanación de erro no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 04/09/2023, relativo a “aprobación do expediente de contratación servizo de dinamización do Espazo Apego”.

Procédese á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración local de data 11/08/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno do 04/09/2023, relativo a “Aprobación do expediente de contratación Servizo de dinamización do Espazo Apego”, no importe da anualidade de 2026 que figura no apartado terceiro, e en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a subsanación, tanto na proposta como no acordo, de xeito que:

Onde di:

2026 49.708,55 €

Debe dicir:

2026 49.708,13 €

### 3. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2021/00033167J.**

Imposición de penalidade á empresa ESQUEIRO SL por demora na execución das obras de Rehabilitación interior do edificio “Casa das Máquinas” na rúa Galeras, núm. 1.

Acórdase:

Primeiro: impoñerlle á empresa ESQUEIRO SL unha penalidade por importe de 7.027,20 € por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada de 96 días hábiles imputables ao mesmo na execución das obras de Rehabilitación interior do edificio “Casa das Máquinas” na rúa Galeras núm. 1.

A penalidade farase efectiva mediante dedución das cantidades pendentes de aboar a citada empresa

Segundo: Notificar este acordo a ESQUEIRO SL así como aos Servizos Económicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade).

### 4. **ÁREA IX.- MEDIO RURAL.** Referencia: **2021/00033024P.**

Aprobación do proxecto construtivo “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de agosto de 2023, asinado con data 26/08/2023, da obra de “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta”, redactado polo arquitecto D. Baltasar Otero Gómez, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 84.407,68 euros + 17.725,61 euros de IVE = 102.133,29 euros.

- Prazo de execución: 3 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

**5. ÁREA IX.- MEDIO RURAL.** Referencia: **2021/00032770F.**

[Aprobación do proxecto construtivo “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro”. ]

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de agosto de 2023, asinado con data 26/08/2023, da obra de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro”, redactado polo arquitecto D. Baltasar Otero Gómez, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 66.105,29 euros + 13.882,11 euros de IVE = 79.987,40 euros.
- Prazo de execución: 3 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

**6. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE.** Referencia: **2023/00030949H.**

[Aprobación da concesión de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2023]

Acórdase:

1. Aprobar a concesión de subvencións ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2023, conforme a acta da comisión avaliadora celebrada o 08/08/2023, e conceder as subvencións detalladas na seguinte táboa para cada unha das entidades solicitantes:

Núm.	Entidade solicitante	Proposta FINAL
1	AV CONXO ABERTO	2.904,79 €
2	AV FCO. GARCÍA BEIRO DE MARROZOS	3.000,00 €
3	AV MONTE LONGO DE GRIXOA	3.000,00 €
4	AV SANDRA PREGO RIAL	3.000,00 €
5	AV A XUNTANZA	2.990,77 €
6	AV SAN JUAN DE FECHA (LAMASCAL)	3.000,00 €
7	AV DA CIDADE HISTÓRICA FONSECA	3.000,00 €
8	AV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA	3.000,00 €
9	AV REGO DAS PEDRAS (MARANTES)	3.000,00 €
10	AV CAMPO DAS ESCOLAS DE BUSTO	3.000,00 €
11	AV PARROQUIA DE SAN LÁZARO MONTE DO GOZO (AMIO)	3.000,00 €
12	AV AS CANCELAS	3.000,00 €
13	AV RÍO SARELA A PEREGRINA	3.000,00 €
14	AV CASA AGRARIA	5.100,00 €
15	AV A XUNLLA DE LARAÑO	610,07 €
16	AV ÁLVARO CUNQUEIRO	5.100,00 €

17	AV CAMINO DE SANTIAGO	2.200,00 €
18	AV ZEZAR	2.164,80 €
19	AV NOSA SEÑORA DE BELÉN	2.400,00 €
20	AV CAMPO DO MONTE	1.461,00 €
21	AV BRAÑAS DE ANDRÉS	3.000,00 €
22	AV ESPAZO VECIÑAL SAR	2.237,43 €
23	AV RÍO SARELA SAN LOURENZO	3.000,00 €
24	AV STA MARTA CHOUPANA - VEDESMA	3.000,00 €
25	AV STA MARIÑA DE BERDIA	1.211,08 €
26	AV O CASTIÑEIRO DO CASTIÑEIRIÑO	3.000,00 €
27	FEDERACIÓN ASOC. DE VECIÑOS DO RURAL (FERUSA)	3.000,00 €
28	AV A GRACIA	5.100,00 €
29	AV AS MARÍAS	3.000,00 €
30	AV PLATAFORMA DE GALERAS	700,40 €
31	AV ANGROIS	456,08 €
32	AV MONTE DE DIOS	1.288,00 €
<b>Total</b>		<b>86.924,42 €</b>

2. Aprobar a financiación do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 060 33404 4890100/2023
3. Aprobar a liberación do crédito sobranste por importe de 11.075,58 euros.

#### 7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00037384J.

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. ]

Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 1 ao 7 de setembro de 2023.

#### URXENCIA

##### 1.- Licenza de obra nova para oficinas e almacenamento de material odontolóxico na RUA COMUNIDADE VALENCIANA, 5

Acórdase conceder a ELIDENTE, S.L., licenza de OBRA NOVA para construción de edificación destinada a oficina de xestión e almacenamento de material odontolóxico, na RÚA DA COMUNIDADE VALENCIANA 5, Parcela H2c09 do Polígono da Sionlla, con referencia catastral 1207714NH4510E0000ZP, finca rexistral 58.315, segundo Proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Santiago Cotón Díaz e o enxeñeiro de Camiños Vicente Lourido Vázquez co visado colexial de data 18/10/2022 e anexos con data de rexistro de 20/01/20123 e 07/03/2023, cun orzamento de execución material de 969.390,98 €, baixo a dirección de obra do arquitecto Santiago Cotón Díaz e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde do arquitecto técnico Miguel Rey Vázquez.

As actuacións consistirán na construción dunha edificación con uso de oficinas de dous plantas e dúas naveas anexas dunha planta destinadas a almacenamento de produtos odontolóxicos, cunha superficie construída total de 1.635,95 m<sup>2</sup> ( 802,95 m<sup>2</sup> de uso de oficinas e 837 m<sup>2</sup> de uso industrial) cunha ocupación en planta de 1.236,48 m<sup>2</sup> e altura máxima de 8,42 metros.